

PANEL DE EMPRESAS DE FERROL

PREGUNTAS FRECUENTES



Concello de Ferrol
Promoción Económica e Emprego



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

Que é o Panel de Empresas?

O Panel de Empresas de Ferrol é un **instrumento de estudo de carácter continuo e permanente** que servirá para rexistrar a evolución de diversos aspectos. Empregarase para coñecer as necesidades, demandas e cambios que experimentan as empresas no ámbito do municipio de Ferrol.

O Panel de Empresas de Ferrol xorde no marco do proxecto **Rede Local de Innovación Empresarial** impulsado polo Concello de Ferrol e cofinanciado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Que vantaxes ten participar?

Participar no panel conleva importantes vantaxes para as empresas entre as que destacan as seguintes:

- **Disponibilidade dunha canle de interrelación con outros axentes** sobre asuntos relevantes que lles afectan de forma similar, o que permitirá un maior coñecemento mutuo.
- **Posibilidade de opinar de xeito directo sobre diferentes ámbitos comúns ao mundo empresarial** que enriquecerán o desenvolvemento da Rede Local de Innovación.
- **Información e consulta** sobre asuntos de interese a través dos mecanismos de participación habilitados ao efecto.
- **Acceso exclusivo ou prioritario a resultados, informes técnico-económicos e estudos** que se elaboren, o que permitirá un maior coñecemento da contorna empresarial e económica de Ferrol.
- **Acceso web a contidos restrinxidos ás empresas inscritas no panel.** Habilitaranse mecanismos de consulta en liña mediante a elaboración electrónica de contidos (publicación de noticias, eventos, convocatorias, axudas, información de contacto, etc)
- **Antelación á identificación de problemas** para a adopción de medidas correctoras.

Como se organiza a participación?

Para que as empresas inscritas poidan efectivizar a súa participación o persoal asignado ao Panel manterá unha comunicación permanente que permita trasladar toda a información necesaria de maneira actualizada (próximas consultas, publicación de resultados, etc)

Para a participación escolleuse o mecanismo da enquisa telefónica, xa que permite que o proceso de consulta sexa rápido e eficiente, o que fai posible comunicar os resultados con menor brevidade.

Unha vez realizada a enquisa, analizaranse os resultados a través de programas informáticos para o tratamento estatístico de datos para logo elaborar informes e finalmente publicar os resultados de xeito restrinxido ás empresas e entidades participantes.

Como facerse membro?

A adhesión ao Panel de Empresas realizarase mediante inscrición para o que se empregará un **formulario** onde se recollerán datos básicos da empresa. Previamente realizarase unha campaña de difusión explicando o obxecto do Panel.

A participación no panel será con carácter indefinido e as empresas inscritas poderán abandonalo cando o desexaren poñéndose en contacto cos responsables do proxecto.

Que tipo de consultas se fará ás empresas participantes?

Ao longo do ano realizaranse unhas 8 consultas breves, de contestación automática, sobre algúns temas de interese o que permitirá rexistrar e posteriormente analizar a súa evolución.

Entre outros temas poderán ser obxecto de consulta os seguintes:

- Emprego das TIC na empresa
- Innovación, calidade e cooperación empresarial
- Mercado laboral e necesidades formativas
- Conformación do mercado da empresa
- Expectativas empresariais e emprendemento no municipio de Ferrol

Como se organizan as consultas?

O persoal organizador do Panel establecerá en que momento se procede á realización dunha enquisa, elaborará un cuestionario específico sobre cada tema a tratar, e remitirao previamente a cada participante rexistrado na base de datos, indicando o momento no que se procederá á recollida da información.

Para a realización da enquisa un equipo especializado chamará a cada unha das empresas inscritas e poñerá en contacto coa persoa de referencia que poida responder ás preguntas que lle sexan plantexadas.

Terán que adicarlle moito tempo as empresas?

Non. Os cuestionarios estarán deseñados para que a persoa da empresa encargada da súa realización non empregue máis de 5 minutos.

Que se agarda de quenes se inscriben como membros do Panel?

Para que o Panel responda aos obxectivos agárdase que os participantes colaboren de maneira activa nunhas 8 consultas anuais. Ademais, a participación no Panel vai máis alá en función das necesidades e dos intereses das empresas xa que se habilitaran outros mecanismos de comunicación.

Canto costa participar no panel?

Adherirse ao panel é gratuíto. O único custo computable para a empresa é o que resulta do tempo empregado en contestar aos cuestionarios propostos.

Cal será o grao de confidencialidade dos datos e as respostas?

Os datos específicos das empresas ficarán almacenados nunha **base de datos protexida** e serán empregados exclusivamente para os fins do panel. Utilizaranse unicamente datos agregados en todos os informes que se elaboren sobre os resultados das consultas.

En todo caso aterase ao **cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal.**

Diagrama de organización do Panel

